



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29 DE XUÑO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15 DE XUÑO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o quince de xuño de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE CUBERTA DE EDIFICACIÓN EXISTENTE SITA NO LUGAR DE EXTRAMUNDI DE ARRIBA Nº 35, FORMULADA POR DONA MARÍA BEGOÑA VILLAVERDE REY. EXPEDIENTE 77/2017/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 26 de maio de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4459, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de renovación de cuberta de edificación existente sita no lugar de Extramundi de Arriba, con

referencia catastral 7426403NH2372N0001LQ, formulada por D^a. María Begoña Villaverde Rey. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, fotografías e datos catastrais.

Segundo. En data 19 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 20 de xuño de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de renovación de cuberta de edificación existente sita no lugar de Extramundi de Arriba nº 34, con referencia catastral 7426403NH2372N0001LQ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizárase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- a) Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Desmontaxe de cuberta de tella e retirada de escombros a vertedoiro (60 m2) e posterior colocación de tella cerámica curva e placas de fibrocemento en edificación existente.

- b) Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- c) Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- d) Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- e) Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO URBANO CONSOLIDADO na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os

procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 26 de maio de 2017, asinada por D^a. MARÍA BEGOÑA VILLAVERDE REY, para obras de renovación de cuberta de edificación existente sita no lugar de Extramundi de Arriba nº 34, con referencia catastral 7426403NH2372N0001LQ, expediente 77/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Comunicación previa de obras de renovación de cuberta de edificación existente sita no lugar de Extramundi de Arriba nº 35, formulada por dona María Begoña Villaverde

Rey. Expediente 77/2017/CP", nos termos expresados anteriormente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PINTADO DE FACHADAS DE VIVENDA EXISTENTE SITA NO LUGAR DE O PASO Nº 27, HERBÓN, FORMULADA POR DONA ANA BELÉN LÓPEZ GARCÍA. EXPEDIENTE 83/2017/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 7 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4769, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de pintado de fachadas de vivenda existente sita no lugar de O Paso nº 27, Herbón, con referencia catastral 0018711NH3301N0001GF, formulada por D^a. Ana Belén López García. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, fotografías e datos catastrais.

Segundo. En data 20 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 20 de xuño de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de pintado de fachadas de vivenda existente sita no lugar de O Paso nº 27, Herbón, con referencia catastral 0018711NH3301N0001GF. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Pintado de tres fachadas (247 m2) en cor granate de vivenda existente.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO URBANO CONSOLIDADO na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomarase coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 7 de xuño de 2017, asinada por D^a. ANA BELÉN LÓPEZ GARCÍA, para obras de pintado de fachadas de vivenda existente sita no lugar de O Paso nº 27, Herbón, con referencia catastral 0018711NH3301N0001GF, expediente 83/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de “Comunicación previa de obras de pintado de fachadas de vivenda existente sita no lugar de O Paso nº 27, Herbón, formulada por dona Ana Belén López García. Expediente 83/2017/CP”, nos termos expresados anteriormente.

4.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE DE TABERNA CON DENOMINACIÓN COMERCIAL “CASA DIOS” SITO NO LUGAR DE HERBÓN Nº 72, FORMULADA POR DONA MARÍA VICTORIA RARÍS LAGO. EXPTE. 19/2017/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 2 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4624, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de actividade de TABERNA que se desenrola en local sito no lugar de Herbón nº 72, con denominación comercial “CASA DIOS”, formulada por D^a. María Victoria Rarís Lago, nova titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, alta no I.A.E., copia do acordo de cambio de titularidade anterior, e copia da cartulina de licenza orixinal da actividade.

Segundo. En data 29 de maio de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

Terceiro. Artigo 20 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos:

1. O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao Concello perante o cal se tivera presentado a comunicación previa ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento.

2. Na comunicación do cambio de titularidade abondarña con incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, no seu caso, dos que se tiveran tramitado para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

actividade ou establecemento.

3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos aos que estivera sometida a actividade ou o establecemento se trasladará á nova persoa titular a partires do momento en que o cambio de titularidade se fixera efectivo, con independencia da data na que se leve a cabo a comunicación previa do cambio de titularidade prevista neste artigo. No caso de que a nova persoa titular non presente a devandita comunicación, a anterior persoa titular se eximirá de toda responsabilidade se acredita perante a Administración o cambio de titularidade por calquera medio admisible en dereito.

Polo tanto, non existe impedimento para a toma de coñecemento do troco de titularidade, apercibindo á nova titular da obriga de cumprir con tódala normativa de aplicación e ir adaptando o desenrolo da actividade á normativa de aplicación en cada momento adaptando o local se é necesario, para o cal deberá contar co preceptivo título habilitante de natureza urbanística, licenza de obras ou ben comunicación previa de obras segundo a entidade da intervención.

Cuarto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a TABERNA sito no lugar de Herbón nº 72, outorgada pola Comisión Municipal Permanente do Concello de Padrón en data 7 de maio de 2001, pasando á titularidade de D^a. MARÍA VICTORIA RARÍS LAGO, con denominación comercial "CASA DIOS", expediente 19/2017/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma, quedando obrigado o novo titular a cumprir con tódala normativa de aplicación e ir adaptando o desenrolo da actividade á normativa de aplicación en cada momento adaptando o local se é necesario, para o cal deberá contar co preceptivo título habilitante de natureza urbanística, licenza de obras ou ben comunicación previa de obras segundo a entidade da intervención.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumplímtese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome do beneficiario da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado do técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Comunicación de cambio de titularidade de licenza municipal de actividade de taberna con denominación comercial "Casa Dios" sito no lugar de Herbón nº 72, formulada por dona María Victoria Rarís Lago. Expte. 19/2017/CTA", nos termos expresados anteriormente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REHABILITACIÓN, AMPLIACIÓN E REFORMA DE INMOBLE SITO NA RÚA LONGA Nº 39, FORMULADA POR DON JOSÉ LUÍS BALIÑO MOSQUERA. EXPEDIENTE 7/2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 19 de xaneiro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 444, formulario de solicitude xeral formulada por D. José Rey Rodríguez en representación de D. José Luis Baliño Mosquera acompañado anteproxecto de rehabilitación, ampliación e reforma de inmovible sito na rúa Longa nº 39, redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela, solicitando se realicen os trámites oportunos para o seu informe pola Dirección Xeral de Patrimonio.

Segundo. En data 22 de febreiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe desfavorable ao proxecto presentado.

Terceiro. En data 23 de febreiro de 2016 ten saída requirimento ao interesado do exposto no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 19 de abril de 2016 o interesado achega nova documentación, consistente en dous exemplares de "anteproxecto de rehabilitación e ampliación de inmovible para 4 vivendas e ampliación con nova edificación para 4 vivendas" redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela.

Quinto. En data 16 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe desfavorable ao proxecto presentado.

Sexto. En data 6 de xuño de 2016 o interesado solicita licenza de obras para a rehabilitación e ampliación de inmovible sito na rúa Longa 39 para vivendas e local comercial, achegando "Proxecto básico de rehabilitación e ampliación de inmovible para 4 vivendas e local comercial" redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela, con número de rexistro de entrada 4958.

Sétimo. En data 20 de xullo de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe favorable ao proxecto básico presentado, referindo diversas cuestións que se deberán achegar co proxecto de execución e a necesidade de tramitar a correspondente autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia.

Oitavo. En data 21 de xullo de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de tramitación da correspondente autorización sectorial, achegando copia do proxecto básico e do expediente administrativo no que se integra.

Noveno. En data 27 de outubro de 2016 remítese requirimento ao interesado dos apartados a concretar referidos no informe técnico de data 20 de xullo de 2016.

Décimo. En data 19 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8836, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 14 de outubro de 2016, denegando a autorización sectorial solicitada.

Décimo primeiro. En data 28 de decembro de 2016, o interesado presenta nova solicitude de licenza de obras acompañando "Proxecto de execución de rehabilitación e ampliación de inmovible para 4 vivendas e local comercial" redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela e visado polo COAG en data 22 de decembro de 2016. Achégase así mesmo oficio de dirección de obra e estatística de edificación e vivenda.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Décimo segundo. En data 14 de febreiro de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe técnico favorable referindo diversa documentación non esencial a achegar antes da concesión da licenza e a necesidade de tramitar a correspondente autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia.

Décimo terceiro. En data 14 de febreiro de 2017 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na Coruña aos efectos de tramitación da correspondente autorización sectorial, achegando copia do proxecto básico e do expediente administrativo no que se integra.

Décimo cuarto. En data 20 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3424, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Décimo quinto. En data 27 de abril de 2017 remítese requirimento ao interesado da documentación referida no informe técnico municipal de data 14 de febreiro de 2017.

Décimo sexto. En data 12 de maio de 2017 o interesado achega oficio de dirección de execución material e oficio de coordinación de seguridade e saúde.

Décimo sétimo. En data 16 de maio de 2017 o interesado achega para a súa remisión ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proxecto de control arqueolóxico requirido.

Décimo oitavo. En data 18 de maio de 2017 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia acompañando o proxecto de control arqueolóxico presentado.

Décimo noveno. En data 5 de xuño de 2017 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia autorizando o control arqueolóxico conforme o proxecto presentado.

Vixésimo. En data 22 de xuño de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa o expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto no informe técnico municipal de data 14 febreiro de 2017, e o informe xurídico de data 23 de xuño de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. Trátase dunha solicitude de licenza municipal de obras para a rehabilitación integral dun inmovible ubicado no casco antigo da Vila de Padrón, que sufriu o colapso da súa cuberta polo seu deficiente estado de conservación, téndose outorgado con anterioridade unha licenza para a demolición do resto da cuberta.

A intervención vai máis alá dunha rehabilitación, xa que se plantexa a ampliación do inmovible tanto en planta coma en altura, ata acadar a máxima autorizable segundo a normativa urbanística, de B+2. O inmovible conterá catro vivendas e un baixo comercial, variando polo tanto a configuración exterior e interior do inmovible orixinal de forma considerable, se ben, segundo se expón no informe técnico municipal, se axusta ao disposto no catálogo do casco histórico do PXOM e na normativa urbanística de aplicación.

Neste senso, o presente informe se referirá exclusivamente a cuestións xurídicas e de procedemento, remitíndonos expresamente ao informe técnico municipal de data 14 de febreiro de 2017 en canto ás cuestións técnicas e ao proxecto presentado.

A nova regulación establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en adiante LSG) establece unha dualidade de títulos habilitantes para a execución de obras, dado que para determinadas intervencións mantén o réxime anterior de licenza previa de obras, e para intervencións máis sinxelas, non precisadas da redacción dun proxecto técnico ou que non afectan a elementos sensibles dende o punto de vista de protección do patrimonio establece o réxime de comunicación previa, no que non se precisa unha resolución expresa senón que o promotor comunica ao Concello que no prazo de quince días hábiles procederá ao inicio das obras e refire o seu axuste á normativa urbanística, baixo a súa responsabilidade.

No presente caso, por parte do técnico municipal se determinou que as obras solicitadas non estaban dentro das tramitables coma comunicación previa de obras, debendo presentarse unha solicitude de licenza previa de obras. Neste senso nos remitimos ao citado informe dado que o criterio para determinar a aplicabilidade dun ou outro réxime e esencialmente técnico e polo tanto non forma parte do obxecto do presente informe, se ben a entidade da intervención, o seu carácter estrutural ao se tratar practicamente da construción dun novo inmovible e en xeral os datos obrantes no expediente fan que respaldemos o criterio técnico e polo tanto consideremos que o cauce procedimental polo que debe discorrir o expediente é a licenza de obras.

Segundo. De acordo co disposto polo artigo 143.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (En adiante LSG):

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente

No presente caso consta no expediente "Proyecto de ejecución de rehabilitación y ampliación de inmueble para 4 viviendas y local comercial" redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela e visado polo COAG en data 22 de decembro de 2016, que visto o informe técnico favorable, consideramos cumpre con tódalas condicións de aplicación e polo tanto resulta hábil para documentar o expediente.

O devandito proxecto adquire a condición de documento público coa súa presentación e se erixe no marco ao que se deberán cinguir as obras, fóra de pequenas modificacións determinadas pola execución. Calquera variación esencial deberá dar lugar a unha modificación da licenza outorgada e vir reflectida no correspondente modificado ao proxecto.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial en núcleo antigo (URNA), que conforme o réxime transitorio establecido pola LSG para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano consolidado.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Cuarto. A vivenda obxecto de actuación está incluída no catálogo do casco histórico do PXOM. Este documento implica unha protección individualizada para cada inmovible. No presente caso o inmovible figurana ficha número 14 do catálogo, cun grao de protección 7 (elemental). Este grao de protección e as condicións establecidas na ficha refiren a posibilidade de modificación da edificación así coma a ampliación solicitada, visto o informe técnico municipal. Polo tanto non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.

Quinto. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial BIC (Ben de Interese Cultural) dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón.

As consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio. Esta obriga ven dada tanto pola situación no ámbito dun Ben de Interese Cultural coma pola inclusión no ámbito da ordenanza URNA do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón.

Tramitouse perante a xefatura territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a correspondente autorización sectorial, e no presente caso se conta coa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas.

A citada resolución establece dúas condicións. A primeira é a presentación dun proxecto de control arqueolóxico, que debe ser autorizado. A citada condición cumpriuse coma é de ver nos antecedentes administrativos.

A segunda condición se refire á presentación, unha vez rematadas as obras e no prazo máximo de seis meses, conforme o disposto no artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases para todas as disciplinas aplicadas. Contará, polo menos, cunha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así coma a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final, redactada por técnico competente.

Desta condición se dará traslado ao promotor no acto polo que, no seu caso, se outorgue licenza, e se verificará o seu cumprimento.

Sexto. Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.

Sétimo. Unha vez concluídas as obras, deberá achegarse certificado de fin de obra redactado polo técnico director das obras, e solicitarse a correspondente licenza de primeira ocupación ou utilización dos edificios, sen a cal non se poderá ocupar o inmovible, nin dar de alta os subministrados de auga e electricidade.

Oitavo. Debemos facer constar que por parte dos servizos técnicos se procedeu a requirir unha serie de documentación, en concreto os oficios de dirección técnica e coordinación, así coma a presentación dun plan de montaxe e desmontaxe de estadas no caso de ser estas precisas para o desenvolvemento da actuación, algo moi posible dadas as características das obras a acometer. Non se achegou esta documentación, se ben no caso de que a intervención precise

da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

O citado incumprimento non impide o outorgamento da licenza, se ben a propia ordenanza refire que con carácter preferente a citada solicitude de autorización de ocupación da vía pública con este tipo de instalacións deberá solicitarse xunto coa licenza municipal, entre outras razóns para evitar unha maior dilación no comezo das obras derivada da tramitación da autorización. Ao non se achegar tal solicitude xunto coa documentación necesaria, deberá apercebirse ao solicitante da obriga referida no acto polo que se outorgue licenza.

Segundo. O órgano competente para o outorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. JOSÉ LUIS BALIÑO MOSQUERA licenza municipal de obras para rehabilitación e ampliación de inmovible para 4 vivendas e local comercial, sito na rúa Longa nº 39 con referencia catastral 7919401NH2371N0001PU, conforme o “Proyecto de ejecución de rehabilitación y ampliación de inmueble para 4 viviendas y local comercial” redactado e asinado pola arquitecta D^a Mercedes Rosón Varela e visado polo COAG en data 22 de decembro de 2016, expediente 7/2016.

Segundo. Apercíbese ao solicitante da obriga de presentar unha vez finalizadas as obras:

- Certificado de fin de obra.
- Solicitude de licenza de primeira ocupación.
- No prazo máximo de seis meses, conforme o disposto no artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, un exemplar, incluído o seu soporte dixital, dunha memoria final que documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases para todas as disciplinas aplicadas. Contará, polo menos, cunha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así coma a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final, redactada por técnico competente, conforme o referido na rexistro 3424, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11 de abril de 2017.

Terceiro. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establececese o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Rehabilitación e ampliación de inmovible para 4 vivendas e local comercial
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: B+2
4. Orzamento de execución material: 282.910,00 euros.
5. Situación e localización das obras: rúa Longa 39. Referencia catastral: 7919401NH2371N0001PU.
6. Nome ou razón social da persoa promotora: José Luis Baliño Mosquera.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

7. Técnico autor do proxecto: D^a. Mercedes Rosón Varela, arquitecta.
8. Técnico director das obras: D^a. Mercedes Rosón Varela, arquitecta.
9. Técnico director da execución material das obras: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
10. Técnico coordinador de seguridade e saúde: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
11. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Oitavo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Noveno. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitud de licenza municipal de obras de rehabilitación, ampliación e reforma de inmobile sito na rúa Longa nº 39, formulada por don José Luís Baliño Mosquera. Expediente 7/2016", nos termos expresados anteriormente.

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE USO DO NICHU 166 CEMITERIO MUNICIPAL DA AVENIDA DA ESTACIÓN A FAVOR DE DONA MARÍA JESÚS BECERRA RODRÍGUEZ E DON ENRIQUE BECERRA RODRÍGUEZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. O 8 de xuño de 2017 dona Mercedes Rodríguez Rodríguez solicita, número de rexistro de entrada 4825, o cambio de titularidade da autorización temporal de uso do nicho número 166 do Cemiterio municipal situado na Avenida da Estación do concello de Padrón ao favor da súa filla dona María Jesús Becerra Rodríguez en tanto que herdeira da persoa que neste momento é o titular do mesmo, don Andrés Becerra Barreiro, aportando copia de testamentos.

Segundo. O día 20 de xuño do 2017, requíreselle a dona Mercedes Rodríguez Rodríguez para que reformule a súa solicitude posto que nos testamentos figuran como herdeiros universais os dous fillos, dona María Jesús e don Enrique Becerra Rodríguez e o cambio so pode outorgarse aos dous.

Terceiro. O 26 de xuño de 2017 dona Mercedes Rodríguez Rodríguez achega ao Concello solicitude reformulada nos termos anteditos.

Cuarto. Compróbase no Libro de Rexistro de nichos do Cemiterio Municipal sito na Avenida da Estación do concello de Padrón que a persoa titular do nicho 166 é don Andrés Becerra Barreiro.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que de acordo cos testamentos aportados, dona Mercedes Rodríguez Rodríguez e don Andrés Becerra Barreiro instituíron herdeiros universais aos seus fillos dona María Jesús e don Enrique Becerra Rodríguez de todos os seus bens, dereitos e accións e don Andrés Becerra Barreiro á súa cónxuxe Mercedes Rodríguez Rodríguez, como usufrutuaria de todos eles.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar o cambio de titularidade da autorización temporal de uso do nicho número 166 do Cemiterio municipal da Avenida da Estación en favor de dona María Jesús e don Enrique Becerra Rodríguez.

Advírtese que o cambio de titularidade que se concede en nada modifica as condicións da autorización temporal, isto é:

- a) A autorización de uso ten un prazo máximo de cinco (5) anos desde a última renovación.
- b) Transcorridos os cinco (5) anos, poderá ser prorrogada por, como máximo, outros cinco (5) anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorrido o 1º período de cinco (5) anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso a Administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ao osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

- c) A autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou depósito destes últimos ou cinzas.

Segundo. Proceder á inscrición do presente cambio de titularidade no Libro de Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación e dar traslado do mesmo á Tesourería municipal.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

no prazo dun mes contado desde o día seguinte de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Cambio de titularidade da autorización temporal de uso do nicho 166 cemiterio municipal da avenida da Estación a favor de dona María Jesús Becerra Rodríguez e don Enrique Becerra Rodríguez", nos termos expresados anteriormente.

7.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 28 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR DON ANTONIO SUSAVILA RODRÍGUEZ. EXPTE. 133/2017-AZP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 2 de febreiro do 2017, co número de rexistro de entrada 955, don Antonio Susavila Rodríguez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 28 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permisos de circulación dos vehículos con matrícula 7189-GWG, 8739-CHF e 1817-CNK e recibos acreditativos do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017 do primeiro vehículo, do 2016 do segundo vehículo e copia da resolución de exención do IVTM da Deputación provincial da Coruña do último vehículo.

Segundo. O 20 de xuño de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 21 de xuño emítense. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Terceiro. O 21 de xuño do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a don Antonio Susavila Rodríguez a Tarxeta número 97/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 28 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, cos vehículos matrícula 7189-GWG, 8739-CHF e 1817-CNK, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición."

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitud de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 28 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, instada por don Antonio Susavila Rodríguez. Expte. 133/2017-AZP", nos termos expresados anteriormente.

8.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RORADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 7 SITUADA NA RÚA MURGADÁN Nº 5, INSTADA POR DONA ELISA SAN MARTÍN PÉREZ. EXPTE. 173/2017-AZXP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 10 de febreiro do 2017, co número de rexistro de entrada 1210, dona Elisa San Martín Pérez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 7 situada na rúa Murgadán nº 5, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación dos vehículos con matrícula 8172-BGD, 4611-BZJ e 6816-CWD e recibos acreditativos do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2016 do primeiro e último vehículo e do 2017 do segundo vehículo.

Segundo. O 20 de xuño de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 21 de xuño emítense. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 177 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por praza Rodríguez Cobián ou a través da rúa Santo Domingo.

Terceiro. O 21 de xuño do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a dona Elisa San Martín Pérez a Tarxeta número 98/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 7 situada na rúa Murgadán nº 5, cos vehículos matrícula 8172-BGD, 4611-BZJ e 6816-CWD, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por praza Rodríguez Cobián ou a través da rúa Santo Domingo.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición."

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitude de tarxeta de acceso rorado á praza de garaxe nº 7 situada na rúa Murgadán nº 5, instada por dona Elisa San Martín Pérez. Expte. 173/2017-AZXP", nos termos expresados anteriormente.

9.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RORADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 2 SITUADA NA RÚA MURGADÁN Nº 5, INSTADA POR DONA AMELIA SAN MARTÍN PÉREZ. EXPTE. 196/2017-AZXP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 20 de febreiro do 2017, co número de rexistro de entrada 1466, dona Amelia San Martín Pérez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Murgadán nº 5, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación dos vehículos con matrícula 4823-GTG, 0040-HPB e 9041-GXB e recibos acreditativos do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2016 do primeiro e segundo vehículo.

Segundo. O 19 de xuño de 2017 dona Amelia San Martín Pérez achega o recibo acreditativo do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017 do vehículo matrícula 9041-BXB.

Terceiro. O 20 de xuño de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 21 de xuño emítense. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 177 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por praza Rodríguez Cobián ou a través da rúa Santo Domingo.

Cuarto. O 21 de xuño do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a dona Amelia San Martín Pérez a Tarxeta número 99/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Murgadán nº 5, cos vehículos matrícula 4823-GTG, 0040-HPB e 9041-GXB, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por praza Rodríguez Cobián ou a través da rúa Santo Domingo.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

“5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición.”

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de “Solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Murgadán nº 5, instada por dona Amelia San Martín Pérez. Expte. 196/2017-AZXP”, nos termos expresados anteriormente.

10.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 31 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR DONA JUANA MARÍA ANGUEIRA VÁZQUEZ. EXPTE. 406/2017-AZP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 6 de xuño do 2017, co número de rexistro de entrada 4736, dona Juana María Angueira Vázquez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 31 situada na rúa Corredoira



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permisos de circulación do vehículo con matrícula 9667-CNZ e recibo acreditativo do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017.

Segundo. O 20 de xuño de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 21 de xuño emítense. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Terceiro. O 21 de xuño do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a dona Juana María Angueira Vázquez a Tarxeta número 100/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 31 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, co vehículo matrícula 9667-CNZ, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Segundo. Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

“5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición."

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 31 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, instada por dona Juana María Angueira Vázquez. Expte. 406/2017-AZP", nos termos expresados anteriormente.

11.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 24 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR DONA MARÍA LUÍSA ANGUEIRA VÁZQUEZ. EXPTE. 407/2017-AZP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<**Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 6 de xuño do 2017, co número de rexistro de entrada 4737, dona María Luísa Angueira Vázquez presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 24 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permisos de circulación dos vehículos con matrícula 8128-CPF e 0669-HBX e recibos acreditativos do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2017.

Segundo. O 20 de xuño de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 21 de xuño emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Entrada: por praza Rodríguez Cobián.

Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Terceiro. O 21 de xuño do 2017 expídese pola Tesoureira Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva co Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Primeiro. Visto o informe da Concelleira delegada de cultura, dona Lorena Couso Dopazo, de data 19 de xuño de 2017, acreditativo da realización de servizos extraordinarios, fora da súa xornada normal de traballo, por don Juan Jamardo Pérez, Alguacil-Porteiro deste Concello o día 18 de xuño de 2017, con motivo da Festividade de Corpus Christi, por un total de 2 horas.

Segundo. Visto o informe da Tesoureira Municipal de 21 de xuño de 2017 no que se procede a efectuar o cálculo do importe das gratificacións que lle corresponderían, no seu caso, ao funcionario de referencia, segundo o disposto no artigo 94.3 do Convenio Colectivo-Acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón.

Terceiro. Visto o informe da Intervención Municipal de data 22 de xuño de 2017.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Fundamentos de Dereito.

Primeiro. Considerando que non se pode proceder á compensación horaria no presente suposto por necesidades do servizo.

Segundo. Considerando o disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o abono dunha gratificación por importe de 34,28 € ao funcionario Juan Jamardo Pérez, Alguacil-porteiro, polos servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada ordinaria de traballo o día 18 de xuño de 2017, con motivo das Festividade de Corpus Christi, por un total de 2 horas.

SEGUNDO. A súa inclusión na correspondente nómina.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Gratificación Juan Jamardo Pérez", nos termos expresados anteriormente.

26.- GRATIFICACIÓN MACEIROS POLA CELEBRACIÓN DO DÍA DE CORPUS CHRISTI.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Visto o informe do Concelleiro delegado de Festexos do Concello de Padrón, de data 19 de xuño de 2017, acreditando a realización de servizos extraordinarios polo persoal funcionario e laboral que a continuación se determina en calidade de maceiros, o día 18 de xuño de 2017, con motivo da celebración da festividade de Corpus Christi, propoñendo a retribución dos mesmos cunha cantidade a tanto alzado de 42,00 euros/día para cada un deles:

- a) Don José Cabo Rabuñal
- b) Don Antonio Pequeno Comojo
- c) Don José Luis Díaz Gómez

Segundo: Visto o informe da Intervención municipal de data 22 de xuño de 2017.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobala retribución extraordinaria que corresponde ao seguinte persoal polos servizos

prestados en calidade de maceiros o día 18 de xuño de 2017, con motivo da celebración da festividade de Corpus Christi, por un importe total de 84,00 €, con cargo á partida orzamentaria 454/131.00 e 42,00 € con cargo á partida orzamentaria 163/151.00.

-Don José Cabo Rabuñal	42,00 Euros
-Don Antonio Pequeno Comojo	42,00 Euros
-Don José Luis Díaz Gómez	42,00 Euros

SEGUNDO: A súa inclusión na correspondente nómina.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Gratificación maceiros pola celebración do día de Corpus Christi", nos termos expresados anteriormente.

27.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO PARA ADQUISICIÓN DE 3 TALONARIOS DE BONOS PARA UTILIZACIÓN DE TRANSPORTE PÚBLICO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar dona Julia Blanco Fernández, por importe de 184,80 €, para a compra de 3 talonarios de bonos para utilización do transporte público para desprazamentos dos usuarios/as do programa de inserción social, presentada en data 13/06/2017, con NRE 4951 da mesma data

Segundo: Visto o informe de fiscalización emitido sobre o particular pola Intervención municipal en data 22 de xuño de 2017.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 e 43 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido á traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar dona Julia Blanco Fernández, por importe de 184,80 € para a compra de 3 talonarios de bonos para utilización do transporte público para desprazamentos dos usuarios/as do programa de inserción social, segundo o seguinte detalle:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
A-167581	Castromil-Mombus	61,60 €
A-167501	Castromil-Mombus	61,60 €
A-167541	Castromil-Mombus	61,60 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Xustificación do pago a xustificar concedido para adquisición de 3 tralonarios de bonos para utilización de transporte público", nos termos expresados anteriormente.

28.- ASISTENCIAS DOS CORPORATIVOS ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN CELEBRADAS DURANTE OS MESES DE MARZO A MAIO DE 2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 10/07/2007 polo que se establece o seguinte réxime de indemnizacións aos Corporativos:

- a) Pola asistencia ás sesións do Pleno: 60,10 €/ sesión
 - b) Polas asistencia ás sesións da Comisión de Goberno: 60,10 €/ sesión
 - c) Polas asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 30,05 €/ sesión
- (,,)

Segundo. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 13/06/2015 polo que se constitúe a Corporación Municipal de Padrón, toman posesión os concelleiros e concelleiras electos e elíxese e toma posesión o Alcalde do Concello de Padrón.

Terceiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 2/7/2015 polo que se adoptan os seguintes acordos:

1. Apróbase o día e a hora de realización das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal
2. Apróbase o número e denominación das comisións informativas permanentes
3. Noméase aos representantes do Concello de Padrón en órganos colexiados
4. Recoñécese dedicación exclusiva e parcial a diversos cargos
5. Dase conta da constitución dos grupos políticos
6. Dase conta do nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
7. Dase conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde

8. Dase conta dos acordos do Alcalde de delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras.

Cuarto. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 21/04/2017 polo que se adoptan os seguintes acordos:

- Modificación número 1 do réxime de adicacións parciais de diversos cargos e recoñecemento de compatibilidades.

Quinto. Actas das sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de marzo a maio de 2017.

Sexto. Providencia do Alcalde de 22/06/2017 pola que se somete á fiscalización da Intervención a proposta de asistencias a abonar aos Corporativos asistentes ás sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de marzo a maio de 2017

Sexto. Informe da Intervención municipal de 22/06/2017.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: Considerando o establecido nos artigos 75.3 da LBRL, 49 e 125 do ROF.

Segundo. Considerando que o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión celebrada o 02/07/2015 acordou que tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poderán participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles cursará convocatoria e terán voz e voto nas mesmas, debendo considerarse só o voto ponderado a efectos de formacións que constitúan grupo político propio por acadar un mínimo de dous concelleiros.

Terceiro. Considerando o disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aproba-lo gasto das asistencias dos membros da Corporación ás sesións dos órganos colexiados celebradas durante os meses de marzo a maio do 2017, que a continuación se relacionan, por importe total bruto de 2.704,50 €, procedéndose á retención das cotas do I.R.P.F. por importe de 453,78 €, resultando un importe total líquido a percibir de 2.250,72 €, e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo á aplicación orzamentaria 912/233.00 do orzamento vixente para o 2017:

PLENOS

	30/03/17	21/04/17	26/05/17	IMPORTE BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	60,10 €	60,10 €	0,00 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Francisco J. Guillán Iglesias	60,10 €	60,10 €	0,00 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Camilo Forján Seoane	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Alberto Piñeiro Otero	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Teresa Rey Pazos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Cesáreo González Pardal	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Xoan A. Santaló Ríos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	45,08 €	135,22 €
Eloy Rodríguez Carbia	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	480,80 €	480,80 €	360,60 €	1.322,20 €	216,39 €	1.105,81 €

COMISIONS INFORMATIVAS A)



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

	27/03/17	28/04/17	23/05/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	30,05 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Xoan Santaló Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	22,54 €	67,61 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
TOTAIS	150,25 €	120,20 €	120,20 €	390,65 €	67,61 €	323,04 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS B)

	14/03/17	27/03/17	23/05/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	0,00 €	30,05 €	0,00 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Francisco J. Guillán Iglesias	30,05 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Xoan Santaló Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	22,54 €	67,61 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
TOTAIS	150,25 €	150,25 €	120,20 €	420,70 €	72,12 €	348,58 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS C)

	27/03/17	12/04/17	21/04/17	23/05/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	30,05 €	30,05 €	30,05 €	0,00 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Xoan Santaló Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	120,20 €	30,05 €	90,15 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
TOTAIS	150,25 €	150,25 €	150,25 €	120,20 €	570,95 €	97,66 €	473,29 €

Segundo: Ordena-lo pago das devanditas asistencias ós interesados.

Terceiro: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a

favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Asistencias dos corporativos ás sesións dos órganos colexiados da corporación celebradas durante os meses de marzo a maio de 2017", nos termos expresados anteriormente.

29.- APROBACIÓN DO CONTRATO DE SEGURO DE EMBARCACIÓN DO SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Primeiro: Considerando que foi preciso proceder á contratación dunha póliza de seguro para a embarcación do servizo de protección civil, segundo a oferta presentada polo Grupo Casal y Asociados Serie Oro S.L., cunha cobertura entre o día 23/06/2017 e o 23/06/2018, por un importe de 145,26 €.

Segundo: Visto que a mencionada póliza foi subscrita polo procedemento do contrato menor, por razón da contía e da duración da mesma, ao abeiro do disposto nos artigos 138.3 e 111.1 do TRLCSP.

Terceiro: Considerando que segundo o informe da Intervención Municipal de 23 de xuño de 2017 existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 135/224.00 do orzamento vixente para o 2017 e fíxose a oportuna retención de crédito.

Fundamentos de dereito.

Único: Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación e ordenación de pagos, en virtude do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar o gasto de contratación da póliza de seguro da embarcación do servizo de protección civil, coa aseguradora Grupo Casal y Asociados Serie Oro S.L., cunha cobertura durante o período do 23/06/2017 ao 23/06/2018, por importe total de 145,26 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 135/224.00 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da devandita póliza a Grupo Casal y Asociados Serie oro S.L., por importe total de 145,26 €.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Aprobación do contrato de seguro de embarcación do servizo de Protección Civil", nos termos expresados anteriormente.

30.- DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PSDEG-PSOE NO PERÍODO COMPRENDIDO DO 1 DE XANEIRO AO 30 DE MARZO DO 2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Primeiro: En data 14/06/2017, con NRE 4979, preséntase polos dous integrantes do grupo político municipal PsdeG-PSOE xustificación documental da aplicación dada á dotación económica concedida ao seu grupo político por importe de 600,03 €.

Segundo: En data 22/06/2017 emítase o informe da Intervención Municipal de fiscalización da devandita xustificación favorable ao pago de 600,03 € en concepto de dotación económica do grupo político municipal Psde-G-PSOE

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que as dotacións económicas aos grupos políticos municipais son un dereito dos mesmos regulado no artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local e na base nº 45 das de execución do orzamento en vigor, e que o Concello Pleno de Padrón aprobou a asignación dunha dotación económica para cada un dos grupos políticos que constitúen a Corporación cun compoñente fixo de 1.200,00 euros anuais para cada grupo e un compoñente variable, en función do número de membros, de 300,00 euros anuais/membro.

Segundo: Considerando, polo tanto, que a dotación económica que lle corresponde ao grupo político municipal PsdeG-PSOE constituído segundo o escrito presentado á presidencia e subscrito polos seus dous membros integrantes en data 17 de xuño de 2015, ascende, segundo os criterios anteriores a un importe máximo anual de 1.800 euros.

Terceiro: Ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico municipal publicado no BOP nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a xustificación documental presentada polos integrantes do grupo municipal PSdeG-PSOE á aplicación dada á dotación económica que lle foi concedida polo Concello Pleno por un importe máximo de 600,03 euros (importe xustificable) e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do orzamento vixente.

Segundo: Ordenar o pago da dotación económica xustificada polo grupo municipal PSdeG-PSOE por importe máximo de 600,03 euros.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Dotación económica ao grupo político municipal PSdeG-PSOE no período comprendido do 1 de xaneiro ao 30 de marzo do 2017", nos termos expresados anteriormente.

31.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3-PARCIAL DA OBRA: REHABILITACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS SITA NA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRIA-FLAVIA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 22 de outubro de 2014 publícase no BOE número 256 a Orden FOM/1932/2014, do 30 de setembro, do Ministerio de Fomento pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento e polas Entidades do sector público dependentes ou vinculadas.

Segundo. O 27 de novembro de 2014 publícase no BOE número 287 a Resolución do 24 de novembro do 2014 da Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, pola que se convoca a presentación de solicitudes mediante concorrencia competitiva ao Programa 1,5 % Cultural do Ministerio de Fomento.

Terceiro. Tendo en conta que a finalidade destas axudas é o financiamento, cun máximo do 75%, dos traballos de conservación ou enriquecemento de bens inmobles declarados Bens de Interese Cultural de titularidade pública ou cuxo uso fora cedido para un uso público, o 22 de decembro de 2014 rexístrase de saída a solicitude dunha axuda con cargo a este Programa para a rehabilitación da Casa dos Capeláns situada no entorno da ex-Colexiata de Iria Flavia.

Cuarto. Consta no expediente de solicitude da axuda a autorización das obras outorgada por Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 8 de abril de 2011, así como a comunicación desta Dirección Xeral do 16 de novembro do 2015 na que se pon de manifesto a autorización outorgada non está sometida a caducidade e que polo tanto está vixente.

Quinto. O 17 de novembro de 2015 o arquitecto técnico, Francisco Ferro González, emite informe ao proxecto da obra no que se conclúe que recolle o contido mínimo esixido no artigo 123 do TRLCSP, que cumpre a normativa urbanística e o planeamento municipal, que non está suxeto ao trámite de avaliación ambiental, que non precisa estudo xeotécnico dos terreos, que si precisa do informe de supervisión de proxectos, que conta coa autorización de Patrimonio e que non precisa ningunha outra autorización sectorial, que se dispón dos terreos e da súa titularidade e que a obra pode calificarse como unha unidade funcional susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Sexto. O 10 de decembro de 2015 asínase co Arzobispado de Santiago de Compostela unha prórroga, por 4 anos máis do Convenio de colaboración asinado o 17 de outubro de 2011 en virtude do cal o Arzobispado, en calidade de propietario da antiga Casa dos Capeláns cede ao Concello de Padrón o uso e aproveitamento gratuito deste inmovible por sesenta anos, o cal resulta aceptado por Resolución do Alcalde 272/2011, do 17 de outubro.

Sétimo. Trala tramitación do correspondente expediente de solicitude da axuda de acordo aos requerimentos formulados polo Ministerio de Fomento, o 30 de decembro de 2015 ten entrada no rexistro municipal a comunicación da Resolución da Ministra de Fomento do 18 de decembro de 2015 pola que se concede definitivamente a axuda solicitada por importe 396.207,19 € equivalente ao 75% do importe da obra.

Oitavo. O 20 de xaneiro do 2016 ten entrada no rexistro municipal a comunicación do Ministerio de Fomento pola que se relacionan as actuacións a levar a cabo e os prazos de xustificación da mesma. Entre estos últimos recóllese o prazo máximo de 4 meses para iniciar as obras contados desde a recepción do pagamento da subvención.

Visto que o ingreso realizouse o 30 de decembro de 2015 e que en abril aínda non estaba aprobado o Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao cal se solicitara o financiamento do 25% restante da obra, por escrito do 8 de abril de 2016 (rexistro de saída o 11 de abril) solicítase unha prórroga do prazo para inicar as obras ao Ministerio de Fomento.

Noveno. O 12 de maio de 2016 ten entrada no rexistro municipal a comunicación do Ministerio pola que se concede a prórroga solicitada ata o 30 de outubro de 2016.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Décimo. Simultaneamente, a Deputación Provincial convoca o Plan de acción social 2015 no que se recolle un apartado específico para a subvención nominativa solicitada por este Concello para o financiamento do 25% restante da obra de rehabilitación.

Décimo primeiro. Por acordo do Pleno do 17 de decembro de 2015 acórdase participar neste plan provincial con esta obra no apartado PAS-CONVENIOS e apróbase o proxecto técnico da obra denominado "Proyecto básico y de ejecución para la rehabilitación de la Casa de los Capellanes sita en el atrio de la ex Colegiata de Santa María de Iria Flavia, Padrón" redactado polo arquitecto don Ramón Andrés Rey Otero, Colexiado 3.048, cun orzamento de execución por contrata de 528.276,25 € e ese mesmo día rexístrase na plataforma provincial a solicitude.

Décimo segundo. O 18 de febreiro do 2016 recepciónase a notificación telemática da Deputación Provincial na que se poñen de manifesto unha serie de deficiencias no proxecto técnico que deben ser obxecto de corrección.

Décimo terceiro. O 23 de febreiro do 2016 o redactor do proxecto emite informe sobre as deficiencias detectadas e por Resolución do Alcalde 123/2016, do 26 de febreiro, apróbase a modificación número 1 deste proxecto que tan só consiste na eliminación de marcas e modelos comerciais. Esta resolución é ratificada polo Pleno da Corporación o 31 de marzo de 2016.

Décimo cuarto. O 4 de xullo de 2016 recepciónase a notificación telemática da Deputación Provincial pola cal se aproba o PAS 2015 coa inclusión da devandita obra e polos importes solicitados.

Décimo quinto. Por Providencia do Alcalde 28 de xullo do 2016 incóase o expediente de contratación, ordénase a incorporación ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 3 do 7 de xaneiro do 2016 e a emisión por parte da intervención municipal do certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa por importe de 528.276,25 € IVE incluído.

Décimo sexto. No mesmo acordo ordénase publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña resultando insertado en ambos o 23 de agosto de 2016.

Décimo sétimo. Durante o prazo de trece (13) días naturais outorgado para a presentación das ofertas, que rematou o 5 de setembro de 2016, presentáronse un total de oito (8).

Décimo oitavo. O 15 de setembro de 2016 procédese á apertura dos Sobre A e o día 19 de setembro de 2016 á dos Sobres B e seguidamente solicítase informe ao Comité de Expertos sobre o contido destes últimos, o cal resulta emitido o 27 de setembro. En data 7 de outubro de 2016, a Mesa de Contratación, visto o informe do Comité de Expertos, propón excluír aos seguintes licitadores: Obras y Viales de Galicia, SA, Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, e Copcisa, SA.

Décimo noveno. O 10 de outubro de 2016 procédese á apertura dos sobres C e á valoración do conxunto das ofertas. Para elo, acórdase solicitar informe ao arquitecto técnico Francisco Ferro González ao respecto de si as ofertas presentadas de redución do prazo de execución estaban debidamente xustificadas. Este emítese o 14 de outubro de 2016 sinalando que as licitadoras Espina & Delfín, SL, Constructora Ediservo, SL e Proycoga, SA, non o xustifican.

vixésimo. Reunida a Mesa de Contratación o 17 de outubro de 2016 esta acorda requerir a Construcciones Orega, SL, para que xustifique o valor desproporcionado da súa proposición. A documentación preséntase o 21 de outubro de 2016 e o 28 emítese informe técnico e nel conclúese que non se entenden xustificados os valores desproporcionados ou anormais da oferta de Construcciones Orega, SL.

Vixésimo primeiro. O 2 de novembro de 2016 a Mesa de Contratación outorga as puntuacións finais ás licitadoras participantes que superaron a Fase I e cuxas ofertas non foron excluídas e procede a ordenalas

de xeito decrecente e seguidamente formula proposta de adxudicación do contrato a favor da licitadora cunha maior puntuación: CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo segundo. O 3 de novembro de 2016 requírese a esta sociedade para que presente no prazo máximo de 5 días hábiles a documentación relacionada na cláusula 12.1.1 e 16.1 do prego de administrativas e no artigo 151.2 do TRLCSP. Esta resulta presentada o 14 de novembro e solicítase informe técnico sobre a suficiencia e correcta acreditación da disponibilidad dos medios técnicos que se comprometeron a adscribir á execución do contrato. O mesmo día emítese o informe e nel conclúese que é correcta.

Vixésimo terceiro. Reunida a Mesa de Contratación o día 15 de novembro de 2016 acorda formular proposta de adxudicación a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo cuarto. O 15/11/2016 por resolución da Alcaldía número 681, resólvese adxudicar o contrato a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Vixésimo quinto. O 16/11/2016 asínase contrato coa licitadora.

Vixésimo sexto: O 23/11/2016 por resolución da Alcaldía 695 designase empresa de control de calidade a EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, onde o adxudicatario se compromete a asumir os custes derivados dos controis externos de calidade que determine a dirección facultativa a través da empresa designada polo Concello, por un importe máximo do 4% do orzamento de execución material do proxecto aprobado (366.883,98 €), por un importe máximo de 14.675,36 € e designase coordinador de control de calidade da obra a don Jesús Baliña de Jesús.

Vixésimo sétimo. O 24/11/2016 remítese proxecto de control arqueolóxico dos traballos vinculados ás obras, elaborado polo arqueólogo don Ignacio Armando Crespo Liñeiro de ARGOS, SL a Dirección Xeral do patrimonio cultural, conforme a Resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural do 08/04/2011, solicitando a autorización das mesmas.

Vixésimo oitavo. O 28/11/2016 apróbase o plan de seguridade e saúde da obra, así como o plan de residuos, e o plan de traballo.

Vixésimo noveno. O 30/11/2016 asínase a acta de comprobación do replanteo, asinada polo representante da Administración contratante (o concelleiro delegado de obras) pola dirección facultativa e polo representante da empresa contratista, quedando acreditadas, a xuízo do director de obra, e sen reserva por parte do contratista, as características xeométricas da obra, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, polo que por parte do primeiro se autoriza o inicio das obras e a ocupación dos terreos necesarios para elo, de todo o cal queda notificado o contratista e empeza a contar dende ese momento o prazo de execución.

Trixésimo. O 05/12/2016 publicase no Boletín Oficial da Provincia número 230 o anuncio de formalización do contrato de execución das obras.

Trixésimo primeiro: O 11/01/2017 recíbese autorización do control arqueolóxico da obras coas condicións establecidas na resolución do 8 de abril de 2011.

Trixésimo segundo. O 06/02/2017 ten entrada a factura número 17/0013 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 2.807,20 euros.

Trixésimo terceiro. O 03/03/2017 ten entrada a factura número 17/0027 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 1.161,60 euros.

Trixésimo cuarto. O 05/04/2017 o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 1-parcial da obra de referencia.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Trixésimo quinto. O 06/04/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Trixésimo sexto. O 14/04/2017 emítase informe de intervención accidental sobre a certificación número 1-parcial da obra, na que indica que se debe requerir a empresa adxudicataria para que achegue fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización, e requerir a dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a presente certificación.

Trixésimo sétima. O 21/04/2017 requírese a empresa adxudicataria para que achegue fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización, e a dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 1-parcial.

Trixésimo oitavo. O 25/04/2017 achégase informe da dirección facultativa da obra informe sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 1-parcial.

Trixésimo noveno. O 28/04/2017 achéganse fotografías do cartel da obra e do cartel da obra co seu contorno por triplicado exemplar asinadas polo director da obra coa data de realización.

Cuadraxésimo. O 08/05/2017 achégase o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 2- parcial da obra de referencia.

Cuadraxésimo primeiro. O 08/05/2017 ten entrada a factura número 17/0057 de EUROTEC INSPECCIÓN,SLU, por importe de 1.270,50 euros.

Cuadraxésimo segundo. O 09/05/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Cuadraxésimo terceiro. O 11/05/2017 achégase informe da dirección de obra sobre os controis externos de calidade requeridos para a certificación 2-parcial.

Cuadraxésimo cuarto. O 05/06/2017 o contratista adxudicatario presenta 3 exemplares da certificación número 3-parcial da obra de referencia.

Cuadraxésimo quinto. O 06/06/2017 acéptase a factura electrónica presentada polo contratista a través da plataforma FACe.

Cuadraxésimo sexto. O 06/06/2017 ten entrada a factura número 17/0077 de EUROTEC INSPECCIÓN, SLU, por importe de 1.694,00 €.

Cuadraxésimo cuarto. O 16/06/2017 emítase informe da intervención accidental.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que a competencia para aprobar as certificacións de obra e as facturas de calquera contía está delegada na Xunta de Goberno Local a teor do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 336/632.15 do orzamento vixente para o recoñecemento da correspondente obriga.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación número 3-parcial da obra "REHABILITACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS SITA NA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRIA-FLAVIA" (1,5 % Cultural do Ministerio de Fomento e

PAS 2015), expedida polo director facultativo da obra, o arquitecto Ramón Andrés Rey Otero en data 05/06/2017 por importe total de 107.752,33 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número rexistro no face 201701537342, de data 06/06/2017, da empresa CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL, por importe de 107.752,33 euros recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 336/632.15 do orzamento vixente para o 2017, aprobando e deducindo da mesma, de acordo coa cláusula cuarta do contrato, a factura 17/0077 do 06/06/2017 por importe de 1.694,00 euros relativa aos controis de calidade externos,

Terceiro. Ordenar o pago das facturas de referencia por importe de 106.058,33 euros, a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL e por importe de 1.694,00 euros a EUROTEC INSPECCIÓN,SLU,.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de “Aprobación da certificación núm. 3-parcial da obra: Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita na ex-Colexiata de Santa María de Iria-Flavia”, nos termos expresados anteriormente.

32.- CESIÓN DE DEREITOS DE COBRO DA AXUDA A FEGAMP PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<DENOMINACIÓN DA INTERVENCIÓN: 2013.12.640 (18/13-I)

IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA: 29.061,76 euros.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 14 de xuño de 2017 recíbese por correo electrónico a solicitude da FEGAMP para que o concello proceda a asinar e remitir o documento de cesión de dereitos de cobro da axuda correspondente a intervención: 2013.12.640 (18/13-1) por importe de 29.061,76 euros.

Segundo. O concello de Padrón adheriuse a este convenio de colaboración por Resolución do señor Alcalde 339/2013, do 27 de maio.

Fundamentos de dereito.

Primeiro: Na cláusula décima da citada Addenda ao convenio noméase á FEGAMP entidade colaboradora aos efectos de recibir os fondos e transferilos en nome e por conta da Xunta de Galicia e das deputacións aos concellos destinatarios sedes dos grupos, comprometéndose a facer constar expresamente a súa procedencia, así como a finalidade do séu traspaso.

Segundo. O artigo 9.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, define esta figura do seguinte xeito:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

"Será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, lles entregue e distribua os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio".

Terceiro. O artigo 61.1.g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, atribúe ao Alcalde a competencia para autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagamentos e render as contas, pero esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local

Primeiro : Ceder, con efectos do un de xuño de 2017, os dereitos de cobro da subvención concedida para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o ano 2016 por importe de 29.061,76 euros, a favor da Federación Galega de Municipios e Provincias en cumprimento do establecido na cláusula décima da Addenda ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Segundo . Notificar a presente Resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do seguinte acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Cesión de dereitos de cobro da axuda a Fegamp para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais", nos termos expresados anteriormente.

33.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por parte das señoras concelleiras e dos señores concelleiros asistentes á sesión non se formula ningún rogo nin ningunha pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas e vinte e dous minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Presidente

A secretaria

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Asdo. Ana María Ares Álvarez